



XUNTA DE GALICIA



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA RELATIVO Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS DIXITAIS

En Santiago de Compostela,

22 MAR. 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Luis Costa Pillado, en nome e representación do Consello Consultivo de Galicia, actuando en virtude das facultades conferidas pola Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Doutra parte, D^a. M^a del Mar Pereira Álvarez, en nome e representación, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en virtude do disposto no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, modificado polo Decreto 149/2014, do 20 de novembro.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, no exercicio das atribucións que teñen conferidas en nome das entidades que representan e

EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante Amtega), adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia cando dispón que:

“1. Mediante esta lei autorízase a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia, que terá como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no eido das tecnoloxías da información e comunicacións e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

2. Esta axencia, en concreto, asumirá os medios persoais e materiais e as competencias que na actualidade lle corresponden á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, que se suprimirá no momento da creación daquela, sen que supoña incremento ningún de gasto público.”





XUNTA DE GALICIA



Consello
Consultivo
de Galicia

Segundo.- Que en desenvolvemento da autorización antedita, con data 21 de xullo de 2011, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan para a posta en marcha da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e para a integración dos servizos tecnolóxicos da Xunta de Galicia, onde se dispón que *"No momento da súa constitución, á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia incorporaranse os medios persoais, materiais e as competencias que na actualidade corresponden á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, así como o persoal TIC da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza. Os servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e comunicacións das distintas consellerías e entidades públicas delas dependentes adscribiranse progresivamente á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia no prazo máximo de catro anos. A estes efectos, os órganos competentes en cada caso ditarán as normas que resulten precisas para tal fin"* Doutra banda, tamén establece o plan antedito que *"A integración dos servizos tecnolóxicos de cada consellería conlevará, necesariamente, a integración na Axencia de todo o persoal que na actualidade está a desenvolver as súas funcións nas unidades administrativas que se integren na Axencia. Sen prexuízo do disposto anteriormente, integrarase na Axencia todo aquel persoal da escala de tecnoloxías da información das distintas consellerías e entidades públicas delas dependentes.*

Así mesmo, a integración suporá a transferencia á Axencia dos orzamentos adicados ás TIC por parte de cada departamento, en concreto:

- *A totalidade do orzamento do Capítulo I correspondente á estrutura obxecto de integración.*
- *A parte proporcional do gasto do Capítulo II imputable ao persoal que compón a estrutura obxecto de integración.*
- *A totalidade do orzamento adicado a gasto ou investimento en TIC xestionado polos diferentes centros directivos".*

Terceiro.- Que as previsións anteriores aparecen recollidas igualmente no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, modificado polo Decreto 149/2014, do 20 de novembro, cando na súa disposición transitoria terceira establece que *"Os servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e comunicacións das distintas consellerías e entidades públicas delas dependentes adscribiranse progresivamente á Amtega no prazo máximo de catro anos. A estes efectos, os órganos competentes en cada caso ditarán as normas que resulten precisas para tal fin"*. Do mesmo xeito, o artigo 6 do Decreto antedito dispón que *"O persoal adscrito proveniente doutras consellerías ou entidades públicas delas dependentes incorporaranse á Amtega coas súas respectivas dotacións orzamentarias"*.

Así mesmo, a disposición adicional cuarta do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, modificado polo Decreto 149/2014, do 20 de novembro, dispón que *"A Amtega asumirá*

galicia





XUNTA DE GALICIA



progresivamente, de conformidade co plan para a posta en marcha da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia e para a integración dos servizos tecnolóxicos da Xunta de Galicia aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 21 de xullo de 2011 e de acordo co disposto na disposición transitoria terceira deste decreto, a prestación de servizos en materia de tecnoloxías da información e comunicacións ás consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma e ás entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, de conformidade cos decretos que sexan aprobados para tales efectos”.

Quinto.- Que o Consello Consultivo de Galicia, creado pola Lei 9/1995, do 10 de novembro, e regulado na actualidade pola Lei 3/2014, do 24 de abril, é o supremo órgano consultivo da Xunta de Galicia e das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e actúa con independencia respecto de calquera órgano e, en garantía dela, goza de autonomía orgánica e funcional, non estando os seus membros ligados por ningún mandato imperativo.

O Consello Consultivo de Galicia emite ditame en cantos asuntos, relativos ás materias previstas na Lei 3/2014, sexan sometidos á súa consulta pola Presidencia da Xunta de Galicia, o Consello da Xunta ou calquera das persoas que forman parte del, as administracións do sector público autonómico, as entidades locais e as universidades públicas de Galicia.

Sexto.- Que o artigo 7, “Principios xerais e deberes de colaboración e cooperación”, da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, expresa:

“1. As relacións entre os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais que integran o sector público autonómico están suxeitas aos principios de cooperación, colaboración e asistencia recíprocas co fin de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos.

2. Entenderase por colaboración e cooperación o traballo en común dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais ou a unión coordinada das súas accións para a consecución dun obxectivo, a execución dun proxecto ou a consecución dun resultado tamén comúns.

Entenderase por asistencia a prestación de información e axuda que os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais poidan levar a cabo para o eficaz exercicio das súas competencias.”

Así mesmo, o artigo 8, “Autoprovisión de bens e de servizos dentro do propio sector público”, establece:

“1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de





XUNTA DE GALICIA



interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico.

2. Para os efectos indicados no punto anterior, cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración e asistencia doutros órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que si dispoñan dos medios dos que precisan.

3. Para estes efectos elaboraranse, nos termos previstos no artigo seguinte, catálogos de medios e prestacións susceptibles de ser obxecto de cooperación, colaboración e asistencia no ámbito interno do sector público autonómico.(...)”.

En particular, de acordo co artigo 9.2 da Lei, “nos catálogos inclúiranse os medios e prestacións susceptibles de ser prestados internamente pola vía da cooperación, colaboración e asistencia recíproca entre órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público autonómico, de maneira que se garanta un uso racional, eficiente e eficaz dos recursos públicos e a actuación coordinada do sector público autonómico”. En particular, inclúiranse nestes catálogos as prestacións de “administración electrónica e innovación e desenvolvemento tecnolóxico”.

O artigo 14 da Lei regula os “Acordos de colaboración ou cooperación entre entidades do sector público autonómico para o desempeño conxunto de tarefas comúns”, expresa:

“1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

2. A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.(...)”

Sétimo.- De acordo coa normativa expresada, o Consello Consultivo de Galicia e a Amtega, para garantir o mellor servizo aos intereses xerais, pretenden a formalización do presente convenio de colaboración no desempeño das tarefas de interese público que lles corresponden, cada unha actuando no marco das súas competencias.





XUNTA DE GALICIA



Así, o Consello Consultivo de Galicia require a colaboración e asistencia instrumental da Amtega mediante a prestación por esta dos servizos corporativos de tecnoloxía da información e das comunicacións necesarios para o exercicio das súas funcións aos que se refire o convenio. A Amtega, de acordo coa normativa expresada, ten competencia para esta colaboración e apoio instrumental ao Consello Consultivo de Galicia.

O presente convenio de colaboración, polo tanto, busca a eficiencia en prestación dos servizos públicos e a realización das tarefas de interese público que lles corresponden ás partes cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoñe o sector público autonómico.

En virtude do exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente Convenio ten por obxecto sentar as bases da colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante Amtega) e o Consello Consultivo de Galicia para a prestación de servizos TIC corporativos por parte da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Segunda.- Compromisos da Amtega

a) A Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia prestará os servizos en materia de tecnoloxías da información e das comunicacións de acordo co que dispoña o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, modificado polo Decreto 149/2014, do 20 de novembro, o contrato plurianual de xestión da dita axencia e os correspondentes plans de acción anuais.

O nivel de prestación dos servizos e actuacións da Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia levarase a cabo con arranxo a un plan de acción anual, baixo a vixencia e de acordo co pertinente contrato plurianual de xestión, en atención aos recursos materiais e económicos transferidos polo Consello Consultivo de Galicia á Amtega, segundo o establecido nas cláusulas seguintes.



Neste senso, a Amtega comprométese a manter operativas nos seus actuais entornos de produción as aplicacións do Consello Consultivo de Galicia que figuran no anexo I de aplicacións do presente acordo, dentro dos límites orzamentarios ou de adicación establecidos en cada caso.

A prestación de novos servizos ou a ampliación dos actualmente existentes requirirá da formalización da correspondente addenda a este convenio, onde necesariamente figurarán os créditos necesarios para levalos a cabo.

b) A Amtega asumirá, con carácter exclusivo e de acordo coas súas competencias, a contratación en materia de Tecnoloxías da Información e as Comunicacions que resulte preciso realizar para a execución do presente convenio.

c) Os proxectos que na actualidade se atopan xestionados pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia continuarán prestándose de conformidade co disposto anteriormente.

d) Con relación aos servizos de impresión, non se inclúen no presente convenio os gastos derivados de consumibles (tónor, reveladores, lubricante do fusor, papel,...), nin os consumos de telecomunicacións.

e) A Amtega se reserva a potestade de substituír o equipamento adquirido ao abeiro deste convenio, por razóns de homoxeneización do parque ou de obsolescencia, e de potenciar o modelo de impresión como servizo (arrendamento con ou sen opción de compra de dispositivos de impresión e pago por uso), así como a potestade de substitución de impresoras persoais por máquinas de rede compartidas.

f) Achegar ao Consello Consultivo de Galicia a documentación xustificativa das actuacións realizadas e servizos prestados ao abeiro do presente convenio.

Terceira.- Compromisos do Consello Consultivo de Galicia

a) Colaborar e prestar a asistencia que requira a Amtega no cumprimento das obrigas establecidas neste convenio.

b) Financiar as actuacións obxecto do presente convenio de conformidade co establecido na cláusula seguinte.

c) Facilitar a inspección e control dos órganos da Amtega co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas neste convenio e que permitan a esta a xustificación



XUNTA DE GALICIA



financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.

Quarta.- Financiamento

O Consello Consultivo de Galicia financiará as actuacións previstas neste convenio ata un importe máximo de 73.866 €, con cargo á aplicación orzamentaria 20.01.111D.216 dos orzamentos do Consello Consultivo de Galicia coa seguinte distribución de anualidades:

	2018	2019	2020	2021
20.01.111D.216	10.866 €	21.000 €	21.000 €	21.000 €

O Consello Consultivo de Galicia achegará a Amtega o importe correspondente a cada anualidade mediante transferencia á correspondente conta do tesouro público, previa xustificación pola Amtega das actuacións levadas a cabo ao abeiro do presente convenio.

En todo caso, antes do 15 de decembro de cada anualidade, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia achegará ao Consello Consultivo un informe xustificativo das actuacións levadas a cabo en cada exercicio ao abeiro do presente convenio.

As achegas que se realicen por parte do Consello Consultivo de Galicia non retribuirán á Amtega pola prestación dos servizos TIC que esta realiza ao Consello Consultivo de acordo coas súas competencias, se non que se empregarán por esta para a prestación dos indicados servizos, e, en particular, no financiamento das contratacións que resulte preciso realizar para a execución do presente convenio de acordo coa cláusula segunda, letra b). Neste sentido, a colaboración da Amtega será a título gratuito, dado que non se cobrarán prezo ou tarifa pola prestación dos servizos, nin se retribuirán os traballos de organización e xestión que se realicen coa estrutura e servizos técnicos propios da Amtega.

Quinta.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e dous representantes do Consello Consultivo de Galicia, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o





XUNTA DE GALICIA



considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición da dita comisión será a seguinte:

Pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou persoa na que delegue, e a titular da dirección da Área de Modernización das Administracións Públicas, ou persoa que a substitúa.

Polo Consello Consultivo de Galicia, o seu presidente e o seu secretario xeral, ou persoas que os substitúan.

Esta comisión estará presidida pola directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Ao final de cada anualidade a comisión de seguimento xerará un informe de estado e cumprimento anual do obxecto do presente convenio.

Sexta.- Medios humanos e materiais

A Amtega, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste convenio, comprométese a asumir a dirección, organización e xestión dos traballos, para o que dispón da estrutura e servizos técnicos suficientes, facéndose responsable da súa calidade técnica. A Amtega, procederá, en consecuencia á asignación de medios humanos e materiais que sexan necesarios para as indicadas funcións. Sen prexuízo da súa dirección, organización e xestión dos traballos, a Amtega poderá contratar as subministracións e os servizos externos que sexan necesarios para a súa realización material, cando non conte cos medios precisos para levala a cabo. Estes contratos someteranse sempre ao establecido na lexislación de contratos do sector público.

No caso de cesión de datos, a entidade contratada cumprirá as esixencias do artigo 12 da Lei 15/1999, de Protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

Sétima.- Duración do convenio e prórroga

O presente convenio terá unha duración inicial de 4 anos, sen prexuízo da súa prórroga expresa ata un máximo de 4 anos, formalizada con antelación á finalización do período correspondente.



galicia



XUNTA DE GALICIA



Oitava.- Resolución

O presente convenio resolverase, ademais de polas causas establecidas no artigo 52.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do sector público, pola denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte con tres meses de antelación.

Os efectos da resolución serán os previstos no artigo 52 da Lei 40/2015.

Novena.- Modificación

Este convenio poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización da correspondente Addenda.

Décima.- Protección de datos

As Partes comprométense a respectar as previsións contempladas na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e a súa normativa de desenvolvemento en relación cos datos persoais que, no seu caso, poidan ter acceso en virtude e en execución do presente convenio, así como a restante normativa vixente en materia de protección de datos.

Undécima.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais da Amtega que realicen as actividades obxecto deste convenio e o Consello Consultivo de Galicia.

Décimo segunda.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese polas normas de dereito administrativo aplicable.

Décimo terceira.- Publicidade

As partes deste convenio consenten expresamente a inclusión dos datos persoais e do resto das especificacións contidas nel no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de





XUNTA DE GALICIA



Consello
Consultivo
de Galicia

xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Neste senso, as partes asinantes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente convenio a publicidade esixida.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio de colaboración no lugar indicado no encabezamento.

O Presidente do Consello Consultivo de Galicia

**A directora da Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia**

Asdo: José Luis Costa Pillado

Asdo: M^a del Mar Pereira Alvarez





XUNTA DE GALICIA



ANEXO I

Aplicacións con tarefas de mantemento



NOME	UNIDADE
TA (programa de control horario)	SECRETARÍA XERAL
XECC (base de datos entrada de dictámenes)	SECRETARÍA XERAL
KNOSYS (base de datos alojamiento dictámenes para consulta)	CCG
WEB CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA	CCG

22 MAR. 2018

Santiago de Compostela,

O Presidente do Consello Consultivo de Galicia

Asdo: José Luis Costa Pillado

A directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Asdo: M^a del Mar Pereira Álvarez

